



## **POR UN CONVENIO DIGNO E MELLORA DA CALIDADE EDUCATIVA NA EDUCACIÓN INFANTIL ETAPA 0-3**

*As persoas traballadoras do sector queremos informar á sociedade, en xeral, e ás familias, en particular, das precarias condicións laborais das persoas que traballamos pola educación dos seus fillos e fillas, ao tempo que trasladamos ás titularidades das Administracións, dos centros e ás patronais do sector o noso malestar por perpetuar o bloqueo da negociación do actual convenio colectivo, non aceptando incrementos salariais segundo o custe da vida, rexeitando melloras laborais e sociais e si intentando eliminar dereitos xa conquistados en anteriores convenios. Tamén denunciaremos especialmente a imposición duns servizos mínimos abusivos por parte das Administracións vulnerando os nosos dereitos fundamentais.*

*As persoas que traballamos en Educación Infantil de 0 a 3 anos, con esta recollida de sinaturas, reivindicamos a relevancia e o recoñecemento da nosa profesión, tanto da docente coma da non docente. Non somos garderías: somos escolas. O valor do noso cometido na educación das nenas e nenos non está en termos limpos, mantidos, entretidos ou vixiados. O noso labor vai moito máis alá. A principal finalidade da nosa actividade é potenciar as súas capacidades, e progreso psicomotriz, afectivo, intelectual e social. Por iso reivindicamos a dimensión educativa da nosa profesión, a inclusión desta etapa no ámbito educativo e a redución das rateos abusivas actuais, no camiño de mellorar a calidade deste servizo público á sociedade en xeral. Nós non gardamos, nós educamos!*

*O noso salario non chega ao SMI na gran maioría das categorías e, segundo a Carta Social Europea, somos traballadoras pobres. Reivindicamos condicións salariais acordes co noso traballo, formación e responsabilidade. Ademais, subxace unha discriminación ao colectivo polo mero feito de ser maioritariamente feminino.*

*Esiximos reducións de xornada en xeral para todas as persoas traballadoras do sector e, tamén, especificamente para as educadoras, xornadas onde se contemple tempo para organizar e preparar as actividades, materiais, avaliar os procesos,... pois todo iso faise fóra da xornada laboral. É traballo extra e non remunerado, e a expensas da conciliación laboral e familiar á que tamén teñen dereito.*

*Por todo isto, reivindicamos comprensión e, ao mesmo tempo, implicación e colaboración nas accións que poidamos levar a cabo á toda a comunidade educativa (fomos quen de amosar a nosa capacidade de mobilización e podemos volver e con máis forza), entre elas, esta campaña de sinaturas para mostrar o masivo apoio á nosa causa:*

